XXVII FESTIVAL INTERNACIONAL 2022
GALICREQUES
do 8 ao 16 de outubro
en Santiago de Compostela
www.galicreques.gal

Xoves 06

14:00 h **/ (Percorrido: Praza Roxa / Biblioteca Concepción Arenal USC "Conchi"/ Alameda)**
Pasarrúas: Nauta e Trópico de Grelos (Galiza)
Treboada

Venres 07

18:30 h **/ CSC Romaño**
Larei Lará (Galiza)
Dinosauros
(O regreso dos Saurios)

Sábado 08

11:00 h **/ Mercado de Abastos e Prza. Cervantes**
Animación de rúa
Titiribici

12:00 h **/ CSC Conxo**
Doutor Monifate (Galiza)
Cancións de animais para nenos case normais

12:00 h **/ CSC Vite**
Luis Vallecillo (Galiza)
A linguaxe perdida

12:30 h **/ Praza Roxa**
Animación de rúa (Galiza)
Titiribici

14:00 h **/ Praza Toural**
Animación de rúa (Galiza)
Titiribici

17:00 h **/ Alameda**
Spaguetti Títeres (Galiza)
Cinco historias para unha man

18:00 h **/ CSC Santa Marta**
Teatro de las Maravillas (Andalucía)
El Patito Feo

19:00 h **/ Alameda**
Mircromina Teatro (Galiza)
Raio de Loubicán

Domingo 09

12.00 h **/ (Percorrido: Praza do Toural / Praza Platerías / Praza Cervantes)**
Pasarrúas: Nauta e Trópico de Grelos (Galiza)
Treboada
Cara Bé

13:30 h **/ Alameda**
Títeres Brincadeira (Galiza)
Onde viven Os Monstros

17:00 h **/ Alameda**
Teatro La Estrella (Valencia)
La Caperucita y otros lobos

18:00 h **/ CSC Santa Marta**
Búho y Maravillas (Andalucía)
El Príncipe Feliz

Luns 10

10:30 h **/ Fundación SGAE**
Coriolis (Uruguai)
Trapos
Escolar

10:30 e 12:00 h **/ T. Principal**
Larei Lará (Galiza)
Dinosauros
(O regreso dos Saurios)
Escolar

11:30 **/ Alameda**
Títeres Brincadeira (Galiza)
Onde viven Os Monstros
Escolar

11:30 h **/ CSC Santa Marta**
Teatro de las Maravillas (Andalucía)
El Patito Feo
Escolar

18:00 h **/ Alameda**
Teatro La Estrella (Valencia)
La caperucita y otros lobos

19:00 h **/ T. Principal**
Larei Lará (Galiza)
Dinosauros
(O regreso dos Saurios)

Martes 11

10:30 h **/ Fundación SGAE**
Coriolis (Uruguai)
Trapos
Escolar

12.30 h **/ T. Principal**
Nauta (Galiza)
A barca do inferno
Coprodución
Centro Dramático Galego
Escolar

18:00 h **/ Alameda**
Títeres Brincadeira (Galiza)
Onde viven Os Monstros

18:30 h **/ CSC Santa Marta**
Tres Tigres (Arxentina)
Los sueños de Trucas

20:00 h **/ T. Principal**
Nauta (Galiza)
A barca do inferno
Coprodución
Centro Dramático Galego
Cara Bé

Mércores 12

12:00 h **/ Alameda**
Especial narradoras galegas. Carmen Domech/ Olga Abad/Raquel Queizás
Carapuchas

13:00 h **/ Praza Roxa**
Títeres Larderos (Castilla-La Mancha)
Pelos, misión Basura

17:00 h **/ T. Principal**
Os Monicreques de Kukas (Galiza)
Don Gaiferos

18:00 h **/ Alameda**
Especial narradoras galegas. Carmen Domech/ Olga Abad/Raquel Queizás
Carapuchas

20:00 h **/ Alameda**
Fantoches Baj (Galiza)
Auga que non vas beber
Cara Bé

Xoves 13

12:00 h **/ T. Principal**
Coriolis (Uruguai)
Pasos Largos
Escolar

13:00 h **/ Alameda**
Mesa redonda:
O Teatro de Monicreques a debate

18:30 h **/ Alameda**
Luis Vallecillo (Galiza)
A linguaxe perdida

18:30 h **/ CSC A Trisca**
El Telón (Arxentina)
De marineros y piratas

18:30 h **/ CSC Ensanche**
Tres Tigres (Arxentina)
Los sueños de Trucas

20:00 h **/ T. Principal**
Coriolis (Uruguai)
Pasos Largos
Cara Bé

21:30 h **/ Alameda**
Kharabat (Italia)
Kharabat
Cara Bé

Venres 14

10:30 e 12:00 h **/ Fundación SGAE**
Hugo e Inés (Perú-Bosnia)
Miniaturas
Escolar

12:00 h **/ T. Principal**
Tres Tigres (Arxentina)
¿Qué hacemos con Ubú?
Escolar

18:00 h **/ Alameda**
Minicreques
Especial miniteatriños:
Os Monicreques de Kukas, *Guernica*
Títeres Larderos, *Desde mi ventana*
El Trastero de Lula
Aquellos hombres grises

18:30 h **/ CSC Fontiñas**
Luis Vallecillo (Galiza)
A linguaxe perdida

19:00 h **/ CSC A Gracia**
El Telón (Arxentina)
De marineros y piratas

20:00 h **/ T. Principal**
Tres Tigres (Arxentina)
¿Qué hacemos con Ubú?
Cara Bé

22:00 h **/ Alameda**
Cabaré Cara Bé
Varios artistas
Cara Bé

Sábado 15

De 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h **/ Alameda**
Obradoiro infantil-
El Trastero de Lula

12:00 h **/ Mercado de Abastos e Prza. Cervantes**
Animación de rúa
Titiribici

12:30 h **/ Alameda**
Títeres Larderos
(Castilla-La Mancha)
Pelos, misión Basura

17:00 h **/ Alameda**
Tres Tigres (Arxentina)
Los sueños de Trucas

17:00 h **/ T. Principal**
Caricata Teatro (Portugal)
Mil e uma

18:00 h **/ Praza Toural**
Títeres Cascanueces (Galiza)
Un diaño na maleta

19:00 h **/ CSC Laraño**
El Telón (Arxentina)
De marineros y piratas

20:00 h **/ T. Principal**
Hugo e Inés (Perú-Bosnia)
Miniaturas
Cara Bé

21:30 h **/ Alameda**
Kharabat (Italia)
Kharabat
Cara Bé

Domingo 16

De 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h **/ Alameda**
Obradoiro infantil-
El Trastero de Lula

12:00 h **/ Alameda**
Títeres Cachirulo (Galiza)
Don Gaiferos e o dragón

12:00 h **/ CSC Castiñeiriño**
Tres Tigres (Arxentina)
Los sueños de Trucas

13:00 h **/ Alameda**
Lotitere (Chile)
Culuti

13:00 h **/ Prza. Praterías**
El Telón (Arxentina)
De marineros y piratas

13:00 h **/ Praza Roxa**
Os Monifates (Galiza)
Percorrendo camiños

17:00 h **/ Alameda**
Coriolis (Uruguai)
Trapos

18:00 h **/ Praza Toural**
Os Monifates (Galiza)
Percorrendo camiños

20:00 h **/ T. Principal**
Coprodución CDG
Cinema Sticado e Tíyatro
Eksen (Galiza-Turquía)
Tolo
Cara Bé

Luns 17

10:30 h **/ Fundación SGAE**
Larei Lará (Galiza)
Güe güe
Escolar

11:30 h **/ CSC Santa Marta**
Tres Tigres (Arxentina)
¿Qué hacemos con Ubú?
Escolar

Martes 18

10:30 e 12:00 h **/ Fundación SGAE**
Títeres Cachirulo (Galiza)
Cu-cú, Tas-tás
Escolar

Mércores 19

10:30 h e 12:00 h**/ Fundación SGAE**
Danthea Teatro (Galiza)
Cincenta
Escolar

PROGRAMACIÓN ESCOLAR 2022

Do 10 ao 19 de outubro

Trapos
Coriolis (Uruguai)
Fundación SGAE
Luns 10 e martes 11 de outubro ás 10.30 h

Miniaturas
Hugo e Inés (Perú-Bosnia)
Fundación SGAE
Venres 14 de outubro ás 10:30 e 12:00 h

Güe güe
Larei Lará (Galiza)
Fundación SGAE
Luns 17 de outubro ás 10.30 h

Cu-cú, tas-tás
Títeres Cachirulo (Galiza)
Fundación SGAE
Martes 18 de outubro ás 10:30 e 12:00 h

Cincenta
Danthea Teatro (Galiza)
Fundación SGAE
Mércores 19 de outubro ás 10.30 h e 12:00 h

Dinosauros. (O regreso dos saurios)
Larei Lará (Galiza)
T. Principal
Luns 10 de outubro ás 10:30 e 12:00 h

A barca do inferno
Nauta (Galiza)
T. Principal
Martes 11 de outubro ás 12.30 h

Pasos largos
Coriolis (Uruguai)
T. Principal
Xoves 13 de outubro ás 12.00 h

¿Qué hacemos con Ubú?
Tres Tigres (Arxentina)
T. Principal
Venres 14 de outubro ás 12.00 h

CSC Santa Marta
Luns 17 de outubro ás 11.30 h

Onde viven os monstros
Títeres Brincadeira (Galiza)
Alameda
Luns 10 de outubro ás 11.30 h

El patito feo
Teatro de las Maravillas (Andalucía)
CSC Santa Marta
Luns 10 de outubro ás 11.30 h

Previa reserva dos centros no:
T 981 801 237 / M 667 771 147
galicreques@titerescachirulo.com

TRES TIGRES TEATRO

Arxentina

14_12:00 h
14_20:00 h
17_11:30 h

PROGRAMACIÓN CARA BÉ

¿Qué hacemos con Ubú?

Idades recomendadas: a partir de 12 anos
Duración: 60 minutos
Técnica: bonecos xigantes e música en vivo
Idioma: castelán

Versión libre do clásico "Ubú Rey" de Alfred Jarry, con tradución de Ariel Dilon. Preguntarse "Que facemos con Ubú?" é preguntarse que facemos connosco, coa nosa realidade, co noso presente e o noso futuro. Que facemos coas nosas posibilidades sociais de habilitar ou limitar o despotismo, que fai posible que Ubú sobreviva unha e outra vez e perdure vixente por máis de cen anos.

Ubú preséntase como un boneco xigante, capaz de devoralo todo a través da súa insaciable gula-avaricia, que leva á destrución. Seremos capaces de atopar outra saída? A gula é a metáfora transversal da obra, representando nela os sentidos fundamentais da historia: a ambición desmedida de poder, a crueldade, o egoísmo, e a falta de escrúpulos.

https://www.youtube.com/watch?v=uPzgx8qdU1M

TRES TIGRES TEATRO

Arxentina

11_18:30 h
13_18:30 h
15_17:00 h
16_12:00 h

Los sueños de Trucas

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 45 minutos
Técnica: luva e variña
Idioma: castelán

Unha avoa conta a historia dun pintor que viviu na súa casa cando ela era nova: Trucas, un artista plástico rueiro, que protagonizou unha loita entre os seus ideais e os seus medos. A posibilidade ou non de poder realizar a súa vocación, a súa obra, a súa arte.

https://www.youtube.com/watch?v=JiywtqRvkDU

MIRCROMINA TEATRO

8_19:00 h

Galiza

Raio de Loubicán

Idades recomendadas: a partir de 3 anos
Duración: 45 minutos
Técnica: mixta, guante, variñas, percutido e actor
Idioma: galego

Dúas historias mesturadas que conflúen no mesmo punto. O Gyrovago, cansado de dar voltas, chega a unha taberna onde escoita a historia dun can preso ceibado por unha loba. Na súa travesía polo monte atopa a Raio, fillo da liberdade, e ambos os dous senten amor a primeira vista. A partir deste momento as súas vidas quedan ligadas para sempre.
Se tes sorte, pode que chegues a desfrutar do seu espectáculo!

OS MONICREQUES DE KUKAS

12_17:00 h

Galiza

Don Gaiferos

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 60 minutos
Técnica: monicreques de fíos e música en directo
Idioma: galego

Obra de teatro con monicreques de fíos e música en directo que partindo do romance popularizado por Faustino Santalices e incorporando cancións e músicas do folclore galego conta un dos milagres atribuídos ao Apóstolo Santiago que narra a viaxe do peregrino francés Don Gaiferos de Mormaltan. Nesa viaxe atemporal atoparase con diferentes personaxes como Exeria, un arrieiro, un demo que unha e outra vez quere desvialo do seu camiño ofrecéndolle todo tipo de praceres mundanos, peregrinos e peregrinas procedentes de diferentes partes do mundo, os xigantes e cabezudos do Corpus de Lugo, comediantes e ata ao mesmo Apóstolo Santiago.

BÚHO Y MARAVILLAS

9_18:00 h

Andalucía

El príncipe feliz

Idades recomendadas: a partir de 4 anos
Duración: 55 minutos
Técnica: mixta
Idioma: castelán

Tras a súa morte, o Príncipe convértese nunha estatua cuberta de ouro. Desde o máis alto da cidade observa toda a miseria do seu pobo e embárgalle unha enorme tristeza, impotente ante a dor dos outros. Por sorte, unha andoriña que emprendía a súa viaxe de regreso a lugares máis cálidos crúzase con el e será ela quen se converta nos seus pés e nos seus ollos, axudando ao príncipe na súa misión de socorrer aos máis necesitados.

https://www.youtube.com/watch?v=vI76mCbZ9cc

8_18:00 h
10_11:30 h

TEATRO DE LAS MARAVILLAS

Andalucía

El patito feo

Idades recomendadas: a partir de 4 anos
Duración: 55 minutos
Técnica: variñas e fíos
Idioma: castelán

Versión libre do conto de Christian Andersen, posta en escena con actores e marionetas, que reúne en si todos os condimentos dun bo espectáculo para nenos: temática humanística, sen violencia; divirte, emociona e cativa aos espectadores, co seu profundo clima poético e á vez, humorístico. O Parruliño é rexeitado polos seus, tendo que vivir dando tombos polo mundo, sorteando os perigos. Polo camiño encontrarase coa sabia Tartaruga que lle axudará a crecer e atopar a súa felicidade.

https://www.youtube.com/watch?v=hG8PdjH79gU&t=2s

CORIOLIS

Uruguai

10_10:30 h
11_10:30 h
16_17:00 h

Trapos

Idades recomendadas: a partir de 5 anos
Duración: 45 minutos
Técnica: manipulación directa sobre mesa
Idioma: sen texto

Nun banco de praza, tres velliños e un can pasan o día. Durante un intre teñen lugar unha serie de conflitos sobre os costumes de cada un, o goce das pequenas cousas, os enfados, a amizade, o desgaste físico, a tolerancia, o humor, a música ou a soidade.
Pero un misterioso personaxe chegará inesperadamente e faralles reformularse moitos destes problemas sinxelos e cotiáns.

CORIOLIS

Uruguai

13_12:00 h
13_20:00 h

Pasos largos

Idades recomendadas:
a partir de 12 anos
Duración: 50 minutos
Técnica: Obxectos, manipulación directa e técnicas mixtas
Idioma: castelán

Unha muller e tres vestidos que se transforman en escena consignan tres pasos –tres momentos– na vida dun personaxe. Do poético ao humor acedo, a sensibilidade atravesa temas profundos e comúns, como a vida en parella, a vellez e os vínculos; a través dunha linguaxe orixinal que rompe o molde da comunicación tradicional.

https://www.youtube.com/watch?v=dlUBzV345x4

NAUTA

Galiza

11_12:30 h
11_20:00 h

A Barca do Inferno

Idades recomendadas:
a partir de 12 anos
Duración: 65 minutos
Técnica: Teatro, monicreques, música en directo
Idioma: galego



Partindo do clásico medieval "Auto dá Barca do Inferno" do portugués Gil Vicente, acompañamos á alma inocente dunha nena que vaga perdida nas profundidades acuáticas e descubre un mundo fantástico, onde as criaturas mariñas deben afrontar as consecuencias irreparables dos actos da humanidade.
Unha mirada crítica e ecolóxica na que seis intérpretes inundan a escena con imaxinación, monicreques, máscaras, música en directo, sátira e traxedia para actualizar un clásico da nosa literatura. "As riquezas morren, os deuses morren, un tamén morrerá... Pero hai algo que perdura: os actos feitos en vida. Comeza a conta atrás…".
Coprodución Centro Dramático Galego

https://www.youtube.com/watch?v=B1HlsYk9z8Y

Lombao (que antes chamábase Gutiérrez e cambiou de nome cando foi a vivir a Outeiro de Rei) é un novo granxeiro. Decidiu deixar a vida na cidade e ir vivir para o rural. Conseguiu animais para a súa granxa e púxose a plantar. De súpeto decatouse de que empezaba a entender o que falaban os animais. Non é que falasen coma nos, pero dicían cousas e tiña que estar moi atento para entendelos. Pouco a pouco faise amigo do Gato Federico, do Galo Leodegario, de Frodo o chibo, dos gansos... Dilles poemas da Terra Chá e comeza a facer cancións con eles como protagonistas aínda que tamén lle canta ao vento, á choiva... Coas cancións, Lombao vailles presentando aos nenos as particularidades de cada un dos animais que viven na granxa e dándolles unha personalidade ao tempo que debuxa unha paisaxe rural.

DR. MONIFATE

Galiza

8_12:00 h

Cancións de animais para nenos case normais

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 45 minutos
Técnica: Teatro con cancións
Idioma: galego

TÍTERES LARDEROS

Castilla La Mancha

12_13:00 h
15_12:30 h

Pelos, misión basura

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 60 minutos
Técnica: monicreques de luva
Idioma: castelán

A cidade cada vez está máis sucia, ninguén sabe porqué ata que chega unha carta ao Concello pedindo un rescate dun millón e medio de euros. O Alcalde chama a Pelos para que investigue por que o lixo duplícase e quen é o culpable. Comeza a MISIÓN LIXO. Serán capaces Pelos e os seus colegas de salvar a cidade de perecer por culpa de todas as porcalladas? Risas e emoción están aseguradas ata o final da historia.

TEATRO LA ESTRELLA

9_17:00 h
10_18:00 h

Valencia

Caperucita y otros lobos

Idades recomendadas: a partir de 2 anos
Duración: 50 minutos
Técnica: marionetas de fíos e variñas
Idioma: castelán

As pallasas Cuchufleta e Pardaleta contan, xogan e introdúcennos nesta historia que se desenvolve nun pobo pequeno de montaña, onde, no inverno adoita nevar e cando chega o lobo, a todos fai tremer…
Este será o nexo de unión entre dous contos: "Carapuchiña Vermella" e "Pedro e o Lobo" que, nesta versión, mestúranse conseguindo achegar estes dous clásicos ao público infantil de forma divertida e sorprendente.

https://www.youtube.com/watch?v=EaNc9ycAhdI

LOTITERE

16_13:00 h

Chile

Culuti

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 50 minutos
Técnica: manipulación directa
Idioma: castelán

Espectáculo participativo no que a monicrequeira, Paula, conta parte da súa vida mentres presenta tres historias: a de Culuti, no seu mundo de neno; a dunha parella de tango realizando unha coreografía que nos fará perder o sentido; e novamente a aparición de Culuti, que volverá a entrar en escena con forzas renovadas. Unha obra que traballa valores como a amizade, a identidade e os dereitos dos nenos e nenas.

PROGRAMACIÓN CARABÉ

14_10:30 e 12:00 h
15_20:00 h

HUGO E INÉS

Perú-Bosnia

Con moi poucos elementos, Hugo e Inés van creando personaxes con partes do seu corpo. Coas mans, co embigo, co xeonllo, os pés Nunca deixan de sorprender ao público. Coma se fosen arqueólogos de si mesmos, van descubrindo novos personaxes enterrados nalgunha remota parte do propio corpo. Estes personaxes, soñando talvez cun instante de protagonismo, irrompen impetuosamente coa súa propia alma e estilo. Sen esquecer os seus clásicos personaxes, como o músico rueiro feito co seu xeonllo, ou o realizado coa barriga, Hugo e Inés deléitannos con novos e inesperados monicreques corporais.

Miniaturas

Idades recomendadas: a partir de 7 anos
Duración: 50 minutos
Técnica: monicreques automanipulados
Idioma: castelán

https://www.youtube.com/watch?v=0vpMPwefVNc&t=1s

CINEMA STICADO E TÍYATRO EKSEN

16_20:00 h

Galiza-Turquía

Tolo

Idades recomendadas: a partir de 12 anos
Duración: 70 minutos
Técnica: teatro de texto e monicreques
Idioma: galego

PROGRAMACIÓN CARA BÉ

Un funcionario de última fila do goberno ucraniano, Aksenti Ivanovich Proprischin, vive o seu día a día entre a rutina do seu insignificante traballo e os seu desexos de querer máis, ata rematar crendo ser o Rei de España. Frustracións que derivan en alucinacións. Prepárate para presenciar o seu deslizamento gradual cara a loucura. "Tolo" convídate a facer un percorrido polos escuros carreiros da mente humana.

En coprodución co Centro Dramático Galego, o colectivo Cinema Sticado (Galiza) e o director Kubilay Erdelikara (Turquía) xúntanse para investigar en torno a obra de Nicolái Gogol "O Diario dun tolo" e crear un espectáculo en común, reunindo diferentes linguaxes á hora de tratar un tema que segue e seguirá vixente en todos os tempos: a necesidade imperiosa de desempeñar un papel na sociedade. A loucura e a razón danse a man para contar un conto absurdo sobre a vida do protagonista e quizais sobre as nosas propias vidas.

16_13:00 h
16_18:00 h

OS MONIFATES

Galiza

Percorrendo camiños

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 50 minutos
Técnica: música en directo, monicreques
Idioma: galego

Un peculiar carromato tirado por dous músicos ambulantes que percorren vilas e pobos cunha importante misión, a de mostrar a rica e variada música e instrumentación da cultura galega, nun formato distinto e orixinal. Nas súas viaxes fóronse sumando os máis diversos e peculiares bailaríns (monicreques danzantes), integrando así música e marionetas nun espectáculo pensado para toda a familia, marabillándonos coas historias dos seus personaxes.

EL TELÓN

Arxentina

13_18:30 h
14_19:00 h
15_19:00 h
16_13:00 h

De marineros y piratas

Idades recomendadas: a partir de 3 anos
Duración: 50 minutos
Técnica: luvas
Idioma: castelán

Baltasar chega canso e sen o seu camelo. Trae unha pesada bolsa ao ombreiro, chea de xoguetes. Aproveita que ten compañía, o respectable público, para descansar un pouco e ir tomar auga. Non sabe que un pirata está moi preto e axéxao, disposto a quedar con esa bolsa.

PROGRAMACIÓN CARA BÉ

Kharabat é un termo da poesía persa que significa "Casa en ruínas" e utilízase como metáfora para O Mundo. O espectáculo trata dun mundo en ruínas onde a humanidade represéntase con siluetas, sombras que pasan e desvanécense. Un espectáculo sobre a fraxilidade da existencia, a amizade, o amor e a morte; sobre a vida que termina e volve comezar.

KHARABAT

Italia

13_21:30 h
15_21:30 h

Kharabat

Idades recomendadas: a partir de 10 anos
Duración: 40 minutos
Técnica: siluetas e sombras
Idioma: sen texto

https://vimeo.com/334234894

SPAGUETTI TÍTERES

Galiza

8_17:00 h

Cinco historias para unha man

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 40 minutos
Técnica: luvas
Idioma: sen texto

Cinco pequenas obras mímicas. **O soño:** recolle as dificultades de Aníbal para conciliar o sono por culpa do "tic-tac" do reloxo, o zoar do mosquito... **A goteira:** parecía que todo estaba amañado, cando estaba a piques de conciliar o sono, de repente unha goteira comeza a súa rítmica melodía. **Historia con flores:** un neno traste dedícase a destruír as flores dun xardín, para evitalo será necesaria a intervención dun can gardián. **O impo:** dous amigos encóntranse despois de moito tempo. Ao darse unha aperta, a un empézalle un ataque de impo, así xuntos irán dando chimpos polo escenario. A obra que falta, **a quinta**, está intercalada entre as outras catro. Conta a historia das propias mans poñendo e quitando elementos escénicos, bailando, limpando... porque elas son realmente a alma dos monicreques.

TÍTERES CASCANUECES

Galiza

15_18:00 h

Un diaño na maleta

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 45 minutos
Técnica: luvas
Idioma: galego

A piques de comezar a función, ao Diaño Esgaerdo deulle unha pataleta. Quere ser o primeiro en saír a escena, ser o protagonista da obra e quere, de paso, deixar ao resto dos monicreques no fondo da maleta para sempre.

TÍTERES BRINCADEIRA

Galiza

9_13:30 h
10_11:30 h
11_18:00 h

Onde viven os monstros

Idades recomendadas: a partir de 3 anos
Duración: 50 minutos
Técnica: narración oral e monicreques
Idioma: galego

https://www.youtube.com/watch?v=-D2JukUy9a4

Max é un neno que ten un día rebelde. É castigado a irse á súa habitación e de súpeto ve como as paredes desaparecen e o seu cuarto pasa a converterse no mundo enteiro. Max atopa un barco co seu nome, que aparece ancorado nunha praia, e navega nel ata o lugar onde viven os monstros. Como el é o máis terrible de todos eles, os monstros noméano o seu rei.

Max ordena que comece a "Festa Monstro", pero máis tarde dáse conta de que quere regresar á súa casa. Os monstros queren impedilo, xa que están encantados con el, pero Max está decidido. O neno abandona o lugar onde viven os monstros e regresa á súa habitación, quítase a carapucha de monstro, e a rabia e o enfado quedan atrás.

ESPECIAL NARRADORAS GALEGAS

OLGA ABAD, RAQUEL QUEIZÁS E CARMEN DOMECH

Galiza

12_12:00 h
12_18:00 h

Carapuchas

Idades recomendadas: a partir de 3 anos
Duración: 45 minutos
Técnica: monicreques e narración oral
Idioma: galego

Da man de tres grandes narradoras imos coñecer polo miúdo a historia da Carapuchiña, o conto dos contos, sempre presente por moitos anos que pasen.

FANTOCHES BAJ

12_20:00 h

Galiza

Auga que non vas beber

Idades recomendadas: a partir de 12 anos
Duración: 50 minutos
Técnica: monicreques de luva, actores e música en directo
Idioma: galego

PROGRAMACIÓN CARA BÉ

Recital satírico para monicreques, onde salientan diversas cantigas populares como "A Saia da Carolina", "O sermón do padre Damián" ou " O cura está malo" entre outros cantos e contos que remiten sempre a unha memoria colectiva de transmisión oral e que o autor enlaza para contar as aventuras e desventuras amorosas do muiñeiro Xosé coa Carolina, baixo a libidinosa tutela do padre Damián, cura de Agolada. Á estrutura básica de monicreque de cachaporra engádense sketchs feitos con outros recursos como os monicreques de táboa, a planjet, o cartel de cego ou as siluetas. Unha ducia de cancións do patrimonio musical ibérico vanse integrando na trama e serán cantadas en directo polos dous actores e acompañadas coa guitarra, o cavaquiño, a viola e unha variedade de percusións como a pandeireta, o adufe, a lata de pemento picante, o requerreque e o bombo.

https://www.youtube.com/watch?v=cjRBIRaLF80

CARICATA TEATRO

Portugal-Valencia

15_17:00 h

"Mil e uma" é un espectáculo que conta un clásico da literatura desde un punto de vista actual, usando marionetas construídas con elementos de cociña e adaptando a historia a todos os públicos. Un espectáculo divertido e diferente onde atoparemos os contos máis famosos das mil e unha noites como "Aladino e a lámpada marabillosa", "Ali Babá e os corenta ladróns" e tamén outros menos coñecidos que sorprenderán e divertirán a grandes e pequenos.

Mil e uma

Idades recomendadas: a partir de 6 anos
Duración: 45 minutos
Técnica: manipulación de obxectos, teatro físico, sombras
Idioma: portugués

VARIOS ARTISTAS
(Organiza Festival Galicreques)

14_22:00 h

CabaRé CaraBé

Idades recomendadas: a partir de 12 anos
Duración: 90 minutos
Técnica: mixta
Idioma: galego, castelán

Óense rumores de que hai unha festa secreta e clandestina na cidade! Unha emboscada de punkarrismo onde se reúnen artistas de toda clase para exhibir a outra cara da súa arte: "CaraBé". O Cabaré proponnos unha noite de emocións fortes con improvisacións, bufóns, monicreques, máscaras e moito, moito macarrismo descontrolado… Atréveste?

PROGRAMACIÓN
CARA BÉ

Chega o son do pasarrúas "Treboada". Animais arrastrados polos desequilibrios ambientais inundarán as rúas cos seus pesares, conducidos polos ritmos da batucada que lles marcará o camiño. Polo mar, polo aire e dende terras afastadas manifestaranse ante nós.
Acompañemos a estes seres, presenciemos a súa causa e unamos os nosos pasos ao compás dos tambores no seu último desfile.

Tropico de Grelos

NAUTA

6_14:00 h
9_12:00 h

NAUTA E TRÓPICO DE GRELOS

Galiza

Treboada

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 60 minutos
Técnica: monicreques, máscaras e música en directo
Idioma: galego

LUIS VALLECILLO

Galiza

8_12:00 h
13_18:30 h
14_18:30 h

A linguaxe perdida

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 50 minutos
Técnica: monicreques e música en directo
Idioma: galego

https://www.youtube.com/watch?v=L-QUqLUlh8s

A Linguaxe Perdida é música e diversión con Luis! nunha viaxe que é unha promesa familiar. Percorrer "O camiño de Santiago". Nel vivirá catro aventuras nas que descubrirá as claves para atopar un tesouro agochado no mesmo corazón das persoas: a linguaxe universal a través da cal todas e todos podemos conectarnos e crecer como comunidade.

Por medio de historias e cancións, Luis convida ás familias a viaxar con el neste camiño de crecemento de maneira dinámica e divertida. Apoiándose nas teorías pedagóxicas da Disciplina Positiva invítanos a reflexionar sobre a orixe dos malos comportamentos dos cativos e nos brinda dunha forma amable e reveladora as claves para "falar a lingua das emocións" e así poder guiar ás nosas fillas e fillos dunha forma máis horizontal e respectuosa.

Ollos ben abertos para gozar dun espectáculo visual e musical onde o misterio e os dinosauros cobran vida para facer pasar unha experiencia única e moi argalleira. O famoso arqueólogo Florentino Amechuino descobre a Dino, un dinosauro do Xurásico moi peculiar que se mantivo oculto aos ollos do mundo a través dun curioso dispositivo evolutivo antropolóxico. Ante o asombro de Florentino, Dino revive. E a isto súmase un malvado chamado Katraska... que soña cun ovo misterioso atopado na Patagonia Arxentina. Unha viaxe chea de aventuras que nos transportará a un mundo fascinante.

07_18:30 h
10_10:30 e 12:00 h
10_19:00 h

LAREI LARÁ

Galiza

Dinosauros. O regreso dos saurios

Idades recomendadas: a partir de 3 anos
Duración: 50 minutos
Técnica: variñas, monicreques
Idioma: galego

https://www.youtube.com/watch?v=1vq_qqLS7Kc

TÍTERES CACHIRULO

16_12:00 h

Galiza

Don Gaiferos e o dragón

Idades recomendadas: todos os públicos
Duración: 55 minutos
Técnica: luvas
Idioma: galego

Don Gaiferos, o famoso peregrino, na súa última peregrinación a Compostela, vaise ver tentado polo demo máis temible de todos os tempos: Lucifer o contaminador, quen intentará por todos os medios que abandone a ruta e fracase no seu proxecto, buscando a contaminación e deterioro da Ruta Xacobea.

https://www.youtube.com/watch?v=RxyJQYPkEa4

Chega ao Galicreques a programación CaraBé, na que ver e descubrir as diferentes caras que nos poden ofrecer os monicreques. Unha programación que amosará a esencia máis adulta do festival. Todo ten outra cara, atréveste a vir ver esta?

CaraBé:
A cara oculta da lúa,
A outra cara da moeda,
A outra cara da historia,
A cara B do casete...
Todo ten unha cara B, que non se amosa, que non se ve, que tamén está aí, presente, agochada.

E os monicreques... Teñen eles unha cara B?
Unha cara descoñecida?

PROGRAMACIÓN CARABÉ

Ven a descubrir os espectáculos CaraBé do Galicreques:

"Treboada" (Nauta e Trópico de Grelos), "A Barca do Inferno" (Nauta), "Auga que non vas beber" (Fantoches Baj), "Pasos Largos" (Coriolis), "Kharabat" (Kharabat), "¿Qué hacemos con Ubú?" (Tres Tigres), "CabaRé CaraBé" (Varios Artistas-Festival Galicreques), "Miniaturas" (Hugo e Inés), "Tolo" (Cinema Sticado e Tíyatro Eksen-Coprodución CDG) *

*Consulta datas e horas neste programa.

PROGRAMACIÓN
CARA BÉ
TODO TEN OUTRA CARA

MINICREQUES

Venres 14 outubro na carpa da alameda

Mostra de tres espectáculos de teatro "Lambe Lambe": Animación de monicreques e obxectos dentro dunha pequena caixa escénica. Un teatro en miniatura deseñado para ser mostrado a unha soa persoa cada vez.

Os Monicreques de Kukas

Galiza

Gernika

Mentres nas rúas e nas prazas a vida transcorre coma decote... De súpeto! nun intre todo pode mudar e a vida trocarse nun inferno e nunha sen razón. Imaxina que é luns 26 de abril de 1937 na vila de... Gernika.

Duración: 5 minutos
Idades: a partir de 8 anos

El Trastero de Lula

Madrid-Galiza

Aquellos hombres grises

Momo é unha nena que ten a marabillosa cualidade de saber escoitar aos demais e desexa axudar ás persoas. Sobre todo cando os homes grises cada vez están máis preto e o tempo corre perigo. Porque o tempo é vida. E a vida reside no corazón. Atréveste a descubrir a historia que se agocha nesta caixa?

Duración: 4 minutos | **Idades:** a partir de 9 anos

Horario: de 18:00 a 20:00 h
Duración: pases de 1 a 5 minutos

Títeres Larderos

(Castilla-La Mancha)

Desde mi ventana

Presentamos a historia cotiá que lle sucede a unha titiriteira de San Sebastián todos os días ás 8 da mañá. Unha xenial historia real.

Duración: 1 minuto
Idades: a partir de 3 anos

TÍTERES CACHIRULO

Exposición monicreques de África

Biblioteca Ánxel Casal,
do 4 ao 27 de outubro

No continente africano, o teatro tradicional de marionetas é unha arte viva e atractiva que, coa súa gran capacidade de mobilización, revélase como garantía da unidade e da cohesión nos medios rurais, mantendo a paz e o equilibrio social.

Esta práctica engloba os sistemas tradicionais de organización, a escultura, a música, as tradicións orais e a danza. A actividade titiriteira implica a toda a comunidade sen distinción de clase social ou sexo.

Todo é movemento e todo cambia. O teatro do movemento é aquel que se estuda e se analiza dende estas premisas. Observamos aquilo que nos rodea, analizamos o seu movemento –interno e externo– e o traducimos á escena. O movemento é tamén a diferencia entre o inerte e o vivo ou orgánico. O monicreque, o obxecto, son só cousas inertes pero que ao aplicarlles movementos son capaces de xerar a ilusión da vida. A maxia teatral comeza a partir desta ilusión. Neste taller investigaremos o xeito de crear movemento a partir dos nosos corpos e como transmitilo ao obxecto de maneira colectiva. Desenvolveremos a escoita, a capacidade de observación e a dispoñibilidade do corpo, e aprenderemos a utilizar o noso corpo de maneira expresiva e creativa, investigando a formación do coro e a manipulación de obxectos en conxunto.

O curso contará con dúas sesións, sendo a primeira unha introdución aos principios do movemento en escena, desenvolvendo a escoita grupal e a investigación coral, e xerando dinámicas que nos levarán á manipulación dos obxectos na segunda parte. Nesta segunda parte estudaremos como traspasar o movemento ao monicreque, facéndoo cobrar vida animando cada unha das dúas partes. Investigaremos tamén como se poden xerar, cos nosos corpos e con diferentes obxectos, espazos nos que o monicreque poida interactuar e modificar a escena. Finalmente, acabaremos coa construción dunha pequena frase articulada na que poidamos tanto accionar cos obxectos como observalo dende fóra.

Horario:
xoves 13 de outubro de 16h a 20h.

Lugar: Espazo Paciencia (Rúa de San Pedro 9, Santiago de Compostela).

Impartido por: Raquel Garabal e Pilar Pingarrón, membros da Cía. Nauta.

Duración: un total de 4 horas, divididas en dúas sesións de dúas horas nun mesmo día.

Dirixido a: persoas maiores de 14 anos con interese polo teatro e desexo de investigar o traballo grupal e os principios básicos do teatro do movemento.

Nº de prazas: 20 máximo (mínimo de 6 prazas para poder realizar o taller).

Importe: 15 € (13 € venda anticipada).

Información e inscricións en:
info@nautateatro.com
626 289 685 / 686 809 317

Imprescindible traer roupa cómoda!

OBRADOIRO ADULTOS

Do movemento ao monicreque coral

Foto: Óscar Corral

PREMIO GALICREQUES 2022

*O **Premio Galicreques** concédese a unha entidade, persoa ou compañía polo seu labor no mundo dos monicreques a través de proxectos que, aínda que no seu comezo puidesen parecer disparatados e efémeros, acabaron sendo soños conseguidos que nos favorecen a tod@s @s amantes das marionetas.*

Dende o Galicreques queremos destacar o compromiso artístico, social e cultural da compañía Tres Tigres de Córdoba, Arxentina, que levan realizadas máis de 17 obras, participando en numerosos circuítos e festivais, mesturando música, danza, monicreques, circo, "murga" e teatro de actores.

Nella Ferrez, Carolina Vaca Narvaja, Delia Perotti e Jorge Fernández Goncálvez conciben o teatro como un dereito de toda a poboación e, dende esa perspectiva, deseñan o seu traballo colaborando con distintas organizacións de dereitos humanos, socio comunitarias, universidades, espazos de formación e outros colectivos artísticos independentes. Dende 1995 crean ciclos, capacitacións, festivais, encontros e creacións artísticas buscando que as artes escénicas cheguen a todas as comunidades.

EL TRASTERO DE LULA

Pequenos monicreques con material reciclado

Carpa da alameda

Venres 14 de outubro
de 17.00 h a 20.00 h

Sábado 15 de outubro
de 11.00 h a 14.00 h e de 17.00 h a 20.00 h

Domingo 16 de outubro
de 11.00 h a 14.00 h e de 17.00 h a 20.00 h

Inscripcións na carpa da alameda

3 € por neno/a

ENTRADAS

PREZOS

Teatro Principal

1 entrada: 5 € / **4 entradas para un mesmo espectáculo:** 15 €

Reserva de entradas Teatro Principal

de **10:00 a 14:00 h** no Tfno. **667 771 147** e no email **culturalbarrigaverde@gmail.com**

Reserva de entradas nos centros socioculturais

Consultar no teléfono de cada centro (ver espazos de actuación)

Venda de entradas

Teatro Principal

Venda de entradas en:

http://entradas.ataquilla.com

e na billeteira do T. Principal dende 1 hora antes do comezo da función

Espectáculos de rúa, CSC e Carpa da Alameda, de balde (non se fan reservas)

ESPAZOS DE ACTUACIÓN

- **Teatro Principal.** Rúa Nova, 21
- **Fundación SGAE.** Rúa das Salvadas, 2A, Parque de Vista Alegre
- **CSC Santa Marta.** Rúa de Antonio Rama Seoane, 6. Tfno. 981 543 017
- **CSC A Trisca.** Corredoira das Fraguas, 92. Tfno. 981 543 191
- **CSC O Ensanche.** Frei Rosendo Salvado 14-16 baixo. Tfno. 981 543 001
- **CSC Fontiñas.** Rúa Berlín, 13. Tfno. 981 528 750
- **CSC Vite.** Rúa de Carlos Maside, 7. Tfno. 981 542 490
- **CSC Conxo.** Praza Aurelio Aguirre, 1 - Conxo. Tfno. 981 528 740
- **CSC Castiñeiriño.** Rúa Virxe de Fátima, 1. Tfno. 981 542 459
- **CSC Romaño.** Travesa de Vista Alegre, 46. Tfno. 981 543 005
- **CSC A Gracia.** Lugar San Silvestre, 6. Tfno. 981 542 350
- **CSC Laraño**. Lugar Reibo, 2A. Tfno. 981 542 350
- **Carpa do Parque da Alameda** (paseo central), **Praza do Toural, Praza Roxa, Praza Cervantes, Mercado de Abastos, Praza Praterías**

Máis información en **facebook, instagram, twitter** e **www.galicreques.gal**

GALICREQUES NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

Entrada de balde, ata completar aforo
Reservas no teléfono de cada centro

A linguaxe perdida
Luis Vallecillo

Cancións de animais para nenos case normais
Doutor Monifate

De marineros y piratas
El Telón

Dinosauros (O regreso dos Saurios)
Larei Lará

El Patito Feo
Teatro de las Maravillas

El Príncipe Feliz
Búho y Maravillas

Los sueños de Trucas
Tres Tigres

¿Qué hacemos con Ubú?
Tres Tigres

1. Teatro Principal
2. Praza das Praterías
3. Praza do Toural
4. Praza Roxa
5. Carpa do Parque da Alameda
6. Fundación SGAE
7. Praza Cervantes
8. Mercado de Abastos
9. CSC Santa Marta
10. CSC Fontiñas
11. CSC Vite
12. CSC Conxo
13. CSC Castiñeiriño
14. CSC O Ensanche
15. CSC A Trisca
16. CSC Laraño (fóra do plano)
17. CSC Romaño (fóra do plano)
18. CSC A Gracia (fóra do plano)

CSCX O Ensanche
14
4
AV. ROSALÍA DE CASTRO
R. DOS TEANS
AV. DA CORUÑA
R. DE FREI ROSENDO SALVADO
R. DA REPÚBLICA ARXENTINA
R. SAN PEDRO DE MEZONZO
R. ALFREDO BRAÑAS
R. REPÚBLICA DO SALVADOR
R. MONTERO RÍOS
R. DA ROSA
R. XENERAL PARDIÑAS
R. DOUTOR TEIXEIRO
R. DO HÓRREO
ARA CAMPOAMOR
AV. DE LUGO
R. DO SAR
AV. DE LUGO
5
Alameda
AV. XOAN CARLOS I
R. DO POMBAL
SAN CLEMENTE
Praza de Galicia
BAUTIZADOS
R. DO VILAR
P. do Toural
R. NOVA
3
1
R. DA CALDEIRERÍA
FONTE DE S. ANTONIO
R. DOS PITELOS
R. DE CURROS ENRIQUEZ
CASTRÓN DOURO
PATIO DE MADRES
R. DO PEXIGO DE ARRIBA
R. DO PEXIGO DE ABAIXO
8
R. SAN LOURENZO
R. DE ENTREGALEIRAS
Parque de Galeras
R. DAS GALERAS
R. DAS HORTAS
R. DE ENTRERÍOS
R. DO MORÓN
R. DA TRINDADE
Concello
P. do Obradoiro
R. DE SAN FRANCISCO
ACREDECHERIA
2
Catedral
R. da Quintana
R. PORTA DA PENA
7
P. Salvador de Parga
R. DO PREGUNTOIRO
CASAS REAIS
R. DE TRAS SAN FIZ DE SOLOVIO
R. VIRXE DA CERCA
R. DAS RODAS
P. de San Roque
R. RAMÓN DEL VALLE INCLÁN
R. DAS CARRETAS
R. DO MORÓN
R. DOS PELAMIOS
R. DAS SALVADAS
6
Parque de Vista Alegre
Parque da Música
R. RICARDO CARVALHO OTERO
Auditorio de Galicia
R. DE VISTA ALEGRE
AV. DO BURGO DAS NACIÓNS
F. Ciencias Económicas
AV. DOS CASTIÑEIROS
AV. DE XOÁN XXIII
R. DOS XASMÍNS
R. DE SAN ROQUE
Parque de Bonaval
Museo do Pobo Galego
Cemiterio
R. DE BONAVAL
R. SAN PEDRO
R. DO ROSARIO
R. DAS TROMPAS
Parque de Belvís
R. TEO
R. DE TOURO
R. DOS BASQUIÑOS
R. DE ANXO CASAL
Xunta de Galicia
COSTIÑA DO MONTE
R. DE BETANZOS
R. DO HOME SANTO
R. DA ANGUSTIA
R. DOS CONCHEIROS
CORREDOIRA DAS FRAGUAS
R. DA ALTIBOIA
R. BERLÍN
AV. DE LUGO
AV. DE LUGO
AV. DE LUGO
10
CSC de Fontiñas
CSC A Trisca
15
AV. DE RODRÍGUEZ DE VIGURI
18
CSC A Gracia
AVDA. DE CASTELAO
17
CSC Romaño
AVDA. DE CASTELAO
R. DE XESÚS CARRO
11
CSC José Saramago de Vite
AV. DE CASTELAO
R. DE ALEXANDRE BÓVEDA
AV. DE XOÁN XXIII

XXVII FESTIVAL INTERNACIONAL 2022

GALICREQUES

do 8 ao 16 de outubro
en Santiago de Compostela

www.galicreques.gal
Galicreques Santiago
@festivalgalicreques
@Galicreques
667 771 147
galicreques@titerescachirulo.com

Organiza:

Asociación Cultural Barriga Verde
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21·22
centro dramático galego
SALONTEATRO
Deputación DA CORUÑA
IBERESCENA
GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE
inaem
fundación sgae